



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

# **BANDO**

## **CONVENIO DE XESTIÓN DE BIOMASA**

O convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias, ao que o Concello de Muros está adherido, recolle unha serie de medidas preventivas de gran calado en materia de apoio técnico e financeiro para actuacións preventivas de competencia municipal.

No ano 2020 a parroquia priorizada é Louro, así pois nas parcelas incluídas nas faixas secundarias desta parroquia, os propietarios teñen a posibilidade de subscribir un contrato moi vantaxoso de xestión da biomasa con Seaga, sendo o importe anual do devandito contrato de 35 € por cada 1000 m<sup>2</sup> de superficie que se limpe.

É por isto que os propietarios das parcelas incluídas nas faixas secundarias da parroquia de Louro recibirán por correo unha comunicación na que lles expliquen o procedemento e a proposta de contrato para que o asinen se o consideran oportuno.

En Muros, a 17 de xuño de 2020

A Alcaldesa

M<sup>a</sup> Inés Monteagudo Romero

